

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



PRESENTACIÓN

O próximo **25 de Maio** o **Club Aromon Pontevedra** organiza o **Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining 2024**. Esta competición oficial está amparada pola Federación Española de Orientación (FEDO), o Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Gallega de Orientación (FEGADO).

Este formato está aberto a calquera persoa que queira participar, en equipos de **2 a 5 participantes**, xa sexa en promoción ou en categoría oficial. A efectos de clasificación para o Campionato Xunta de Galicia de Ultrascor Rogaining, unicamente computarán deportistas con licenza federativa de tempada FEDO por un club galego.

As persoas non federadas ou con licenza de proba só poderán participar en categorías de promoción (Open Curto ou Open Longo).

A proba terá lugar no concello de Meis como centro neuráxico, transcurrido os percorridos polos concellos de Meis, Poio e Meaño.

DESCRIPCIÓN

Data: Sábado 25 de Maio 2024

Lugar de concentración: O centro de competición será no campo de fútbol “O Leixo”, no concello de Meis. Están dispoñibles as instalacións que permiten o uso de aseos e duchas. Nas inmediacións do campo de fútbol existe espazo suficiente de estacionamento (Área amarela indicada no croquis)

Maps: <https://acortar.link/r6lGKe>

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



Croquis do centro de competición:



Área Embargada a partir da súa publicación en web:



Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



HORARIOS

09:00 Apertura secretaría e Control de material*

10:00 Breafing

10:15 Entrega de mapas

10:30 Saída en masa de todos os participantes

13:30 Chegada categoría OPEN Curto

❖ **14:00** Peche de meta para categoría OPEN Curto

14:30 Chegada categorías Junior, Superveteráns e Ultraveteráns

❖ **15:00** Peche de meta categorías Junior, Superveteráns e Ultraveteráns

16:30 Chegada categorías Senior, Veteráns e Open Longo

❖ **17:00** Peche de meta categorías Senior, Veteráns e Open Longo

17:30 Ceremonia de premiación Cto Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining 2024

- *O control de material terá lugar no campo de fútbol, entre as 9:00 e as 10:15. Unha vez que se accede ao recinto, non se poderá volver a sair ata o inicio da proba. Os participantes que cheguen máis tarde das 10:15 ao control de material terán que agardar á entrega de mapas aos participantes que sí chegaron en hora para poder acceder ao recinto.
- Os horarios de “Chegada” son os tempos de carreira de cada categoría sen penalizacións. Os horarios de “Peche de meta” son unha vez sobrepasada a media hora, onde os equipos que non tiveran chegado, estarían descualificados.

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



INFORMACIÓN TÉCNICA

Os **mapas** a utilizar terán unha escala de 1:15000 en tamaño A3 e levarán impresa a descrición de controis. Debido á gran cantidade de balizas, os días previos publicarase esta descrición de controis por si os equipos queren imprimila e levala separadamente do mapa a gusto de cada un. O día da proba tamén haberá descricións de control impresas a súa disposición.

O mapa ten un área total de 25 km², unha altura mínima de 130m e unha altura máxima de 520m sobre o nivel do mar.

Categorías, idades e duración dos percorridos:

- Senior Masculino/Feminino/Mixto: Cumpren 18 anos ou máis en 2024: **6 horas.**
- Veteráns Masculino:/Feminino/Mixto: Cumpren 40 anos ou mais en 2024: **6 horas.**
- Super Veteráns Masculino/Feminino/Mixto: Cumpren 55 anos ou mais 2024: **4 horas.**
- Ultra Veteráns Masculino/Feminino/Mixto: Cumpren 65 anos ou máis en 2024: **4 horas**
- Junior Masculino/Feminino/Mixto: Cumpren entre 16 e 20 anos en 2024: **4 horas.**
- Open Curto: Sen límite de idade (Menores de idade acompañados alomenos dun adulto con coñecementos acreditados en orientación): **3 horas.**
- Open Longo: Cumpren 18 anos ou máis en 2024: **6 horas.**

Cada **control** terá unha puntuación específica que virá dada pola distancia á meta, complexidade técnica ou esixencia física. A puntuación de cada control virá dada pola decena do seu código : Baliza 47 -> 4 puntos, Baliza 63 -> 6 puntos, Baliza 103-> 10 puntos...

Puntos obtidos. Suma dos valores dos controis visitados menos posibles penalizacións por chegada tarde a meta:

- A partir do minuto 00:01 ata o 10:00 pérdense 2 puntos por cada minuto
- A partir do minuto 10:01 ata o 20:00 pérdense 3 puntos por cada minuto.
- A partir do minuto 20:01 ata o 30:00 pérdense 4 puntos por cada minuto.
- A partir do minuto 30:00 pérdense todos os puntos.

En caso de empate gaña o equipo que tivera empregado menos tempo e, se continúa o empate, o equipo que tivera visitado máis puntos de control.

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1




A proba desenvolverase co tráfico aberto, sendo responsabilidade de cada corredor o respectar as normas de tráfico, non invadindo as estradas principais. Pódense cruzar, se fose necesario, pero tendo especial precaución en ese momento. Si se toma a decisión de circular o longo de algunha estrada durante unha elección de ruta, debe facerse en fila de a un e pola esquerda.

Se algún corredor infrinxe ás normas de circulación, poderase ver descualificado o seu equipo.

No momento da saída en masa haberá membros da organización vixiando os puntos de cruce próximos á saída para velar pola seguridade dos corredores nese momento de máis densidade de participantes. O longo de toda a proba haberá xuíces auxiliares nas estradas principais cuidando de que se cumpra coas normas de tráfico.

AVITUALLAMENTO

Durante o percorrido, os corredores poderán atoparse con varias fontes. No mapa estarán indicadas co símbolo 713 de punto de avituallamiento aquelas localizadas con auga no momento da revisión os días previos. Na meta haberá igualmente avituallamiento líquido. 

A maiores do avituallamento da proba, haberá dispoñibilidade dunha cantina no centro de competición, que terá café a primeira hora da mañá e bebidas e comida doce e salada despois da competición.

REGULAMENTO

A proba desenvolverase atendendo ao regulamento de orientación FEGADO 2024 e, máis en particular, á normativa adicional para o CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE ULTRASCOR-RGAINING 2024: <https://acortar.link/7AH3lr>

Os xuíces de cronometraxe traballarán co sistema SPORTident. Debida a gran densidade de controis, recoméndase utilizar tarxetas SPORTident con capacidade para mais de 60 rexistros. O club terá a disposición dos corredores para o seu aluguer.

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



MODELO	RANGO DE NÚMEROS	CAPACIDAD
SI Card 6	500001 -999999	68 controles
SI Card 10	7000001 -7999999	128 controles
SI Card 11	9000001 -9999999	128 controles
SIAC	8000001 -8999999	128 controles

Todos os membros do equipo deberán de levar un dispositivo correctamente precintado durante toda a competición. A rotura do precinto poderá levar á descualificación do equipo.

No caso de fallar a estación electrónica deberá-se usar a pinza de marcaxe manual.

Si se produxera a desaparición completa do control ou dos dous sistemas de control de paso (electrónico e manual), poderá-se acreditar o paso polo control mediante unha foto, realizada co teléfono móbil do equipo, na que debe aparecer un compoñente xunto ao pre-balizado e/ou sinal disposta pola organización.

Material obrigatorio por participante:

- Tarxeta SPORTident precintada pola organización
- Dorsal.
- Mochila.
- Silbato.
- Linterna/frontal con pilas e en bo estado de funcionamento
- Comida enerxética suficiente para o desenvolvemento da proba.
- Recipiente con 1 litro de auga, como mínimo.

Material obrigatorio por equipo:

- Teléfono móbil apagado e precintado pola organización.
- Manta térmica.
- Botiquín de urxencia: 1 venda, gasas, apósitos e desinfectante.

Material non permitido:

- Calquera sistema GPS ou de navegación con visualización e mapa.
- Altímetro ou similar.
- Podómetro ou similar.

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



Haberá, alomenos, 2 controis de material, un primeiro ao acceso á zona de briefing e saída, antes de comezar a carreira; e un segundo en meta, tras finalizar a competición.

INSCRICIÓNS

Mediante a plataforma SICO de Fedo: <https://sico.fedo.org/carrera.php?id=20161726>

- Apertura de inscricións 23/04/2024
- Peche de inscricións 19/05/2024 ás 23:50

CATEGORÍA	FEDERADO	NON FEDERADO
SENIOR	25€/Persoa	-
VETERÁN	25€/Persoa	-
SÚPER VETERÁN	20€/Persoa	-
ULTRA VETERÁN	20€/Persoa	-
JUNIOR	20€/Persoa	-
OPEN LONGO	25€/Persoa	30€/Persoa
OPEN CURTO	20€/Persoa	25€/Persoa

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia, á dirección de correo electrónico: aromon@aromon.es

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios, realizarán un único ingreso bancario co importe total e como concepto figurará “CampionatoXG-USRogaining+nomedoclube”.

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



Datos bancarios:

Beneficiario: Club AROMON

Banco: CAIXA RURAL GALEGA

IBAN: ES2730700047936264950129

COD.BIC/SWIFT: BCOEESMM070

Para solicitar factura: aromon@aromon.es

MEDIOAMBIENTE

Pedimos respecto polo medioambiente durante toda a realización da proba, sendo responsables do lixo que producimos, tendo especial coidado de non deixar plásticos dos xeles ou similar tirados polo monte, que aínda non sendo intencionado, ás veces caen dos bolsillos das mochilas se non os gardamos de forma correcta.

Dende a cidade de Pontevedra existe conexión de tren/autobús co resto de cidades galegas. Coa intención de disminuir o uso de vehículos individuais, deixamos os links para poder organizar mellor as vosas viaxes, compartindo vehículos entre varios participantes:

<https://www.renfe.com/es/es>

<https://www.autobusespontevedra.com/gl/>

Campionato Xunta de Galicia Ultrascor-Rogaining PONTEaORIENTAR 2024

Boletín 1



ORGANIZACIÓN e COLABORADORES

Organiza: Club Aromon Pontevedra

Dirección da proba: Teresa Bellón Santos

Trazador e coordinador de campo: Ángel Álvarez Serto

Sportident: Mónica Figueroa Leiro e Francisco Xosé Varela Varela

Coord. de seguridade: Javier Alvelo Fraguera

Coord. Loxístico: Manuel Beloso García

Xuíz Controlador: Alfonso Rosado Frade



Mais info en www.aromon.es ou ori@aromon.es



Concello
de Pontevedra



CONCELLO
DE MEIS



DEPORTE
GALEGO



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE POIO



Concello de
MEANO
Corazón do Salnés



Consejo
Superior
de Deportes



Deputación
Pontevedra



AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo

Edificio administrativo da Xunta de Galicia. Rúa Benito Corbal, 45 - 3º andar, local 5 - 36001 - Pontevedra
Atención de oficina os xoves e venres de 20:30 a 21:30 h.

Correo- e- aromon@aromon.es ; ori@aromon.es web: <http://www.aromon.es>

C.I.F. G-36149714